



# 2026

3º TROFEO MRF 2026



FEDERACIÓN GALEGA DE  
AUTOMOBILISMO

**ARTIGO 1 ORGANIZACIÓN.**

**ARTIGO 2 COMITÉ ORGANIZADOR.**

**ARTIGO 3 ASPIRANTES.**

**ARTIGO 4 VEHÍCULOS ADMITIDOS.**

**ARTIGO 5 INSCRICIÓN.**

**ARTIGO 6 PRUEBAS REALIZABLES.**

**ARTIGO 7 PREMIOS.**

**ARTIGO 8 PUNTUACIONES.**

**ARTIGO 9 PUBLICIDADE.**

**ARTIGO 10 COMISARIO DE SEGUIMIENTO.**

**ARTIGO 11 MODIFICACIONES Ó REGULAMENTO.**

**ARTIGO 12 POSTOS DE SAÍDA.**

**Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.**

"MRF TYRES", e a Federación Galega de Automobilismo organizan para o ano 2026 o **3º TROFEO MRF 2026**.

O presente Regulamento complementarase coas Prescricións Comúns e o Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Autocross, nos apartados que non figuren neste documento.

**Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.**

O Comité Organizador ten entre as súas competencias a de emitir anexos que formarán parte do presente regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver tódolos casos non previstos. Os devanditos anexos e modificacións, deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web:

<http://www.fga.es/>.

O Comité estará integrado por un representante da Federación Galega de Automobilismo, e un representante de **"MRF TYRES"**

En tódalas probas puntuables haberá un comisario representante do Comité que coidará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitir ó Comité os problemas e incidencias que se plantexen, así como de controlala perfecta ubicación da publicidade nos vehículos.

**Artigo 3.- ASPIRANTES.**

A) Licenzas: Posuías licenzas dacordo co Anexo I da regulamentación da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto e copiloto a participar nas probas indicadas no art 6.

B) Tódolos gañadores das Fórmulas de Promoción, de tempadas anteriores, poden volver a participar nas mesmas, puntuando e optando ós premios en metálico.

C) Os pilotos que se inscriban nunha Fórmula de Promoción, dos Campionatos de Galicia, por especialidade e tempada non poderán mudar de Copa, Trofeo, Reto, ou Challenge ata a tempada seguinte

D) "MRF TYRES.", e a Federación Galega de Automobilismo, resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición ó **3º TROFEO MRF 2026** sen ter que xustificalo.

E) Os pilotos participantes dentro das copas MRF, deberán asistir as entrega de premios, entrevistas en medios de comunicación e actos promocionais, portando a indumentaria subministrada por MRF que se lles faga entrega durante a tempada, o non cumprimento da norma implicará a perda dos puntos e premios en metálico a que puidera optar en dita proba.

F) Para inscribirse no **3º TROFEO MRF 2026** poderase participar con un Carcross que cumpra a normativa do Campionato Galego de Autocross, sendo válido calquera fabricante destes.

G) Todo piloto ou membro do equipo, que non facilite ou non autorice a Verificación Técnica do seu vehículo, será sancionado coa descalificación inmediata da proba e da copa, e darase traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.

H) O equipo que resulte descalificado dunha proba por motivos deportivos ou técnicos (prescricións xerais do regulamento xeral), non poderá optar a ningunha atribución de puntos nin premios en metálico da proba correspondente.

I) Se a descalificación fose por motivos técnicos implicará a descalificación da copa ou trofeo nesa proba, e en caso de ser descalificado noutra proba será motivo de exclusión definitiva da copa ou trofeo no que participe.

**Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:**

O **3º TROFEO MRF 2026** está reservada exclusivamente a Clase III (CARCROSS) e CLASE V (CARCROSS JR) que participen no Campionato de Galicia de Autocross.

**Artigo 5.- INSCRICIÓN:**

Unha vez aceptada a inscrición no **3º TROFEO MRF 2026** o participante estará oficialmente inscrito neste. Tódolos interesados en inscribirse no **3º TROFEO MRF 2026** terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario "online" sita en:

<http://www.fga.es/formularios/index.php/>:

**O prazo de inscrición estará aberto ata 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta. Non optarán a premios en metálico nin os puntos, aqueles que non formalicen a súa inscrición no prazo estipulado.**

Coa inscrición terá que axuntarse unha factura orixinal, da compra de 4 pneumáticos MRF ZKC GSS (2 dianteiros e 2 traseiros) onde figure como concepto a que piloto van a ir asignados ditos pneumáticos, enviando dita factura á FGA. A compra destes pneumáticos será valido para a participación tanto no trofeo MRF de Autocross como na copa MRF de Rallymix.

Os pneumáticos deberán adquirirse a través de MRF TYRES SPAIN ([mrf@mrftyres.es](mailto:mrf@mrftyres.es) / tel.: 609238352) ou en calquera dos puntos de venda autorizados por MRF en Galicia.

.- Control de Pneumáticos: Queda terminantemente prohibido tapalos códigos FIA de cada pneumático e o seu composto.

**Artigo 6.- PROBAS PUNTUABLES:**

Para o **3º TROFEO MRF 2026**, serán puntuables as probas seguintes:

DATA	PROBA	ESCUDEIRA
21 marzo 2026	88º Autocross ARTEIXO	PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO
25 abril 2026	33º Autocross O CASTRO	RALLYACTIVIDAD COMPETICIÓN
6 xuño 2026	22º Autocross CARBALLO	CLUB RALLY CORUÑA
27 xuño 2026	89º Autocross ARTEIXO	PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO
18 xullo 2026	36º Autocross SANTA COMBA	SANTA COMBA MOTORSPORT
12 setembro 2026	23º Autocross CARBALLO	CLUB RALLY CORUÑA
17 outubro 2026	34º Autocross O CASTRO	RALLYACTIVIDAD COMPETICIÓN

**Artigo 7.- PREMIOS:**

A) En cada unha das probas puntuables para o **3º TROFEO MRF 2026** outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

**CLASE III (CARCROSS)****PREMIOS POR PROBA****CARCROSS SENIOR****Ata 3 inscritos.**

1º Trofeo  
2º Trofeo  
3º Trofeo

**De 4 a 6 inscritos**

1º 125 € e trofeo  
2º 100 € e trofeo  
3º 75 € e Trofeo

**+ de 6 inscritos**

1º 250 € e trofeo  
2º 150 € e trofeo  
3º 100 € e Trofeo

**PREMIOS FINAIS SCRATCH**

VENCEDOR PILOTOS

TROFEO

SUBCAMPIÓN PILOTOS

TROFEO

**CLASE V (CARCROSS JUNIOR)****PREMIOS POR PROBA**

1º	150 € e Trofeo
2º	100 € e Trofeo
3º	50 € e Trofeo

**PREMIOS FINAIS SCRATCH**

VENCEDOR PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN PILOTOS	TROFEO DE BRONCE

Tódolos premios deste apartado son concedidos pola F.G.A., e "MRF TYRES." están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

**Artigo 8.- PUNTUACIÓN:**

En cada unha das probas puntuables, para o **3º TROFEO MRF 2026**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto.

8.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch da copa:

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13	14º	15º
35	31	28	25	22	19	16	13	10	8	6	5	4	3	2


8.2.- Outorgaráselle un punto, a partir do 15, a todos os que finalicen a proba.

8.3.- A clasificación final do **3º TROFEO MRF 2026** será establecida entre aqueles pilotos que participen nun mínimo de 5 probas, de non cumprir o requisito non aparecerán na clasificación final da copa. Para a puntuación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento menos una. Se un participante non toma parte en algunha das probas, a mesma poderase descontar para a clasificación final.

8.4.- Non se poderá descontar unha proba na que fose excluído.

**Artigo 9.- PUBLICIDADE:**

Tódolos vehículos deberán levar unha pegatina no frontal do carcross, unha pegatina en cada lateral, unha pegatina na parte traseira do carcross, coa inscrición MRF. Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios da proba de referencia. A reiteración do antedito implicará a descalificación a tódolos efectos do **3º TROFEO MRF 2026**. Unha vez inscrito o piloto, entregaránse un kit de pegatinas e unha gorra, esta última, será obrigatorio levala nas posibles entrevistas e no podium final da proba.



**Artigo 10.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO:**

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo seguimento da publicidade e todo o concernente o bo desenrolo da copa, nas verificacións técnicas de cada proba, así como do estrito control das pegadas.

**Artigo 11.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:**

Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicarse ós inscritos mediante un complemento, e coa publicación na páxina de Internet <http://www.fga.es/>.